

**1. Identificación da programación****Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27020793	Porta da Auga	Ribadeo	2016/2017

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
EOC	Edificación e obra civil	CMEOC02	Obras de interior, decoración e rehabilitación	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1200	Organización de traballos de interior, decoración e rehabilitación	2016/2017	0	70	0
MP1200_12	Planificación e valoración de obras	2016/2017	0	45	0
MP1200_22	Caracterización e organización de faenas en obras de interior, decoración e rehabilitación	2016/2017	0	25	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	FRANCISCO LUIS FERNÁNDEZ FIUZA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP1200_22) RA1 - Caracteriza os procesos de execución de obras de interior, decoración e rehabilitación, establecendo a secuencia dos traballos e detallando as características dos recursos necesarios.
(MP1200_12) RA1 - Obtén información para realizar traballos de construción, interpretando a documentación técnica, achegando solucións e dando resposta aos requisitos previos e aos defectos detectados.
(MP1200_22) RA2 - Organiza a execución das actividades das faenas, recibindo materiais, distribuindo zonas de almacenaxe e abastecementos, e comprobando as tarefas realizadas.
(MP1200_12) RA2 - Asigna recursos para a execución de unidades de obra, determinando as actividades que cumpra realizar.
(MP1200_12) RA3 - Planifica as faenas de obras previstas, establecendo a secuencia de actividades e asignando recursos.
(MP1200_22) RA3 - Identifica riscos e medidas de seguridade asociados aos traballos de obra de interior, decoración e rehabilitación, aplicando plans de prevención de riscos laborais e determinando os recursos específicos.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP1200_12) CA1.1 Seleccionouse a información necesaria para a realización dos traballos.
(MP1200_22) CA1.1 Identificáronse as fases do proceso construtivo.
(MP1200_12) CA1.2 Identificáronse os criterios e as condicións de execución.
(MP1200_22) CA1.2 Detalláronse os materiais necesarios e as súas características.
(MP1200_12) CA1.3 Determinouse o sistema de execución que se vaia seguir.
(MP1200_22) CA1.3 Identificáronse os recursos humanos, os medios auxiliares e os equipamentos que permitan a execución dos traballos.
(MP1200_12) CA1.4 Identificáronse os defectos ou as disfuncións da condición de partida.
(MP1200_22) CA1.5 Detalláronse as condicións necesarias para o cumprimento de prescricións, normativa e instrucións.
(MP1200_22) CA1.6 Identificáronse os controis e as comprobacións que cumpra realizar para determinar o cumprimento da calidade exixida.
(MP1200_12) CA1.6 Listáronse as unidades de obra para a realización dos traballos.
(MP1200_22) CA1.7 Relacionáronse os sistemas construtivos dos traballos previstos.
(MP1200_12) CA1.7 Obtívose a listaxe de actividades correspondentes a cada unidade de obra.
(MP1200_12) CA1.11 Identificáronse os criterios de actuación, as medidas preventivas, os equipamentos de protección e as instalacións que cumpra utilizar en cada proceso.
(MP1200_12) CA1.12 Identificáronse as prescricións de calidade ambiental.
(MP1200_22) CA2.1 Comprobouse a colocación, os accesos e as instalacións de obra do lugar onde se vaia desenvolver o traballo.
(MP1200_12) CA2.2 Listáronse os materiais que interveñen en cada actividade.
(MP1200_22) CA2.2 Descríbironse as operacións que cumpra realizar previamente á execución dos traballos, en función da situación de partida.



<b>Criterios de avaliación do currículo</b>
(MP1200_22) CA2.3 Especificáronse as condicións de transporte, recepción, descarga e abastecemento dos materiais.
(MP1200_12) CA2.4 Utilizouse a unidade de medición adecuada.
(MP1200_22) CA2.4 Especificáronse os métodos de control dos materiais empregados, abastecidos e previstos.
(MP1200_22) CA2.5 Comprobáronse as condicións de uso e seguridade de equipamentos e ferramentas.
(MP1200_12) CA2.5 Determináronse profesionais adecuados para executar as actividades de cada unidade de obra.
(MP1200_12) CA2.6 Relacionáronse ou listáronse as ferramentas necesarias para executar as actividades de cada unidade de obra.
(MP1200_22) CA2.6 Especificáronse os métodos de control e os partes de traballo da obra executada.
(MP1200_12) CA2.7 Relacionáronse ou listáronse os medios auxiliares necesarios para executar as actividades de cada unidade de obra.
(MP1200_22) CA2.7 Cumpríronse as prescricións de execución.
(MP1200_22) CA2.8 Especificáronse as tarefas que cumpra realizar logo de finalizada a execución dos traballos.
(MP1200_12) CA2.8 Relacionáronse ou listáronse os medios de prevención e protección convenientes para executar as actividades de cada unidade de obra.
(MP1200_22) CA3.1 Detalláronse os riscos específicos da execución de traballos de interior, decoración e rehabilitación.
(MP1200_22) CA3.2 Detalláronse os riscos específicos de medios auxiliares, equipamentos e ferramentas nas obras de interior, decoración e rehabilitación.
(MP1200_12) CA3.2 Asignáronse tempos de execución para cada actividade en función dos recursos de partida.
(MP1200_22) CA3.3 Avaliáronse os riscos en función da probabilidade de que sucedan e a gravidade das súas consecuencias.
(MP1200_12) CA3.3 Establecéronse relacións de precedencia e simultaneidade entre as actividades.
(MP1200_22) CA3.4 Determináronse as medidas preventivas específicas fronte aos riscos detectados.
(MP1200_22) CA3.5 Seleccionáronse as proteccións individuais e colectivas axeitadas en función do risco.
(MP1200_22) CA3.6 Adaptáronse as medidas de prevención e protección aos procedementos e aos sistemas construtivos previstos.
(MP1200_12) CA3.6 Detectáronse as actividades críticas con maior relevancia na programación.
(MP1200_12) CA3.7 Calculouse a duración total do conxunto de actividades en función dos recursos de partida.

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

<b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>
(MP1200_12) RA1 - Obtén información para realizar traballos de construción, interpretando a documentación técnica, achegando solucións e dando resposta aos requisitos previos e aos defectos detectados.
(MP1200_22) RA1 - Caracteriza os procesos de execución de obras de interior, decoración e rehabilitación, establecendo a secuencia dos traballos e detallando as características dos recursos necesarios.
(MP1200_22) RA2 - Organiza a execución das actividades das faenas, recibindo materiais, distribuindo zonas de almacenaxe e abastecementos, e comprobando as tarefas realizadas.

**Resultados de aprendizaxe do currículo**

(MP1200_12) RA2 - Asigna recursos para a execución de unidades de obra, determinando as actividades que cumpra realizar.
(MP1200_12) RA3 - Planifica as faenas de obras previstas, establecendo a secuencia de actividades e asignando recursos.
(MP1200_22) RA3 - Identifica riscos e medidas de seguridade asociados aos traballos de obra de interior, decoración e rehabilitación, aplicando plans de prevención de riscos laborais e determinando os recursos específicos.
(MP1200_12) RA4 - Elabora orzamentos das obras, medindo e valorando unidades de obra.

**2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado****Criterios de avaliación do currículo**

(MP1200_22) CA1.3 Identificáronse os recursos humanos, os medios auxiliares e os equipamentos que permitan a execución dos traballos.
(MP1200_22) CA1.4 Seleccionáronse as medidas e os medios de seguridade que cumpra adoptar con carácter xeral.
(MP1200_12) CA1.5 Seleccionáronse as unidades e os criterios de medición adecuados.
(MP1200_12) CA1.8 Mediuse a cantidade de obra que cumpra executar de cada unidade de obra.
(MP1200_12) CA1.9 Determinouse a cantidade de material que intervén en cada actividade.
(MP1200_12) CA1.10 Seleccionáronse as ferramentas para executar as actividades de cada unidade de obra.
(MP1200_12) CA2.1 Obtívose a listaxe de actividades correspondentes a cada unidade de obra.
(MP1200_22) CA2.1 Comprobouse a colocación, os accesos e as instalacións de obra do lugar onde se vaia desenvolver o traballo.
(MP1200_12) CA2.2 Listáronse os materiais que interveñen en cada actividade.
(MP1200_12) CA2.3 Determinouse a cantidade de material que se vaia utilizar en cada actividade.
(MP1200_22) CA2.4 Especificáronse os métodos de control dos materiais empregados, abastecidos e previstos.
(MP1200_12) CA2.4 Utilizouse a unidade de medición adecuada.
(MP1200_22) CA2.6 Especificáronse os métodos de control e os partes de traballo da obra executada.
(MP1200_12) CA3.1 Asignáronse materiais, recursos humanos, equipamentos, e medios auxiliares e de seguridade para a realización das actividades.
(MP1200_12) CA3.2 Asignáronse tempos de execución para cada actividade en función dos recursos de partida.
(MP1200_12) CA3.3 Establecéronse relacións de precedencia e simultaneidade entre as actividades.
(MP1200_22) CA3.3 Avaliáronse os riscos en función da probabilidade de que sucedan e a gravidade das súas consecuencias.
(MP1200_22) CA3.4 Determináronse as medidas preventivas específicas fronte aos riscos detectados.
(MP1200_12) CA3.4 Calculouse a duración total do conxunto de actividades.
(MP1200_12) CA3.5 Representouse graficamente a planificación.
(MP1200_12) CA3.6 Detectáronse as actividades críticas con maior relevancia na programación.

**Criterios de avaliación do currículo**

(MP1200\_12) CA3.7 Calculouse a duración total do conxunto de actividades en función dos recursos de partida.

(MP1200\_12) CA3.8 Reflectíronse na planificación as actuacións previas e posteriores á execución da unidade de obra.

(MP1200\_12) CA3.9 Realizouse un plan de abastecementos.

(MP1200\_12) CA3.10 Obtívose a distribución diaria de tarefas.

(MP1200\_12) CA3.11 Propuxéronse correccións a posibles desviacións na planificación.

(MP1200\_12) CA4.1 Obtivéronse os prezos unitarios das unidades de obra previstas.

(MP1200\_12) CA4.2 Combinouse a medición de cada unidade de obra co prezo unitario correspondente.

(MP1200\_12) CA4.3 Confeccionáronse cadros de prezos de unidades de obra segundo os recursos de partida.

(MP1200\_12) CA4.4 Establecéronse capítulos agrupando unidades de obra.

(MP1200\_12) CA4.5 Realizouse o orzamento de execución material dos capítulos.

(MP1200\_12) CA4.6 Realizouse o orzamento total de contratación, considerando os gastos xerais, o beneficio industrial e os impostos vixentes.

(MP1200\_12) CA4.7 Elaboráronse certificacións partindo do orzamento acordado.

(MP1200\_12) CA4.8 Utilizáronse aplicacións informáticas.

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

¿ Caracterización dos procesos de execución das obras de interior, decoración e rehabilitación.

¿ Interpretación da documentación técnica para obter a información sobre as obras de interior, decoración e rehabilitación que cumpra realizar.

¿ Determinación das unidades de obra e actividades que cumpra realizar.

¿ Planificación dos traballos, representando a secuencia de actividades, asignando medios humanos e materiais en función do prazo, e realizando os plans de abastecemento.

¿ Valoración de unidades de obra para obter orzamentos.

¿ Caracterización das tarefas que cumpra realizar para organizar a faena. Comprobacións previas e posteriores á execución, distribución e características das zonas de abastecemento, almacéns, talleres e instalacións auxiliares, recepción, abastecemento e control de materiais, control de ferramentas e medios auxiliares, e control da cantidade de obra executada.

¿ Identificación de riscos e medidas de seguridade asociados ás obras de interior, decoración e rehabilitación.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

- Para pasar a segunda parte da proba hai que superar a primeira parte.

- A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10.

- Para aprobar o alumnado ten que obter unha cualificación igual ou superior a 5 en cada unha das partes.

- Os porcentaxes de "peso de cualificación" en cada unha das unidades didácticas establécense de xeito orientativo.

- Para a cualificación teranse en conta, como mínimo, os seguintes aspectos:

Coñecementos teórico - prácticos.

Participación e relación no entorno de traballo.

Mantemento e cumprimento das normas de orde e seguridade e hixiene.



#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

As persoas aspirantes serán convocadas para a xornada de acollemento para cada unha das partes da proba de cada módulo profesional en único chamamento. Para estes efectos, os membros da comisión de avaliación poderán requirir en calquera momento ás persoas aspirantes que acrediten a súa identidade.

A primeira proba consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Comprendera unha serie de preguntas baseadas en conceptos dos contidos do módulo

Indicarase na mesma proba a cualificación de cada pregunta ou problema.

A duración e lugar de realización indicarase no calendario das probas publicado no taboleiro do centro.

##### INSTRUMENTOS NECESARIOS:

O alumno deberá traer:

-Bolígrafo azul ou negro.

-Regla.

-Escalimetro

-Calculadora

##### 4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes serán convocadas para a xornada de acollemento para cada unha das partes da proba de cada módulo profesional en único chamamento. Para estes efectos, os membros da comisión de avaliación poderán requirir en calquera momento ás persoas aspirantes que acrediten a súa identidade.

A proba consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Comprendera esta segunda parte a realización por parte do alumno dun cálculo de medidas e materiais necesarios nun suposto práctico.

Indicarase na mesma proba a cualificación de cada pregunta ou problema.

A duración e lugar de realización indicarase no calendario das probas publicado no taboleiro do centro.

##### INSTRUMENTOS NECESARIOS:

O alumno deberá traer:

-Bolígrafo azul ou negro.

-Regla.

-Escalimetro

-Calculadora